



## KALANDRAKA VISITA OS ESCOLARES DE ALLARIZ COAS SESIÓNS DE CONTOS E MÚSICA, OS TALLERES DE ESCRITA E ORALIDADE, E AS EMISIÓNS RADIOFÓNICAS DE 'PALABRAS NO AR'

Todas as actividades da campaña pódense seguir diariamente na web [www.palabrasnoar.org](http://www.palabrasnoar.org)

A cuarta etapa da Campaña de Animación Lingüística PALABRAS NO AR, que realiza KALANDRAKA, comeza a partir de mañá en Allariz. Esta iniciativa, que se enmarca no programa 'Bocaberta' da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta, consiste en sesións de contos e música, obradoiros de oralidade e de escrita creativa, que se desenvolverán ata o 2 de outubro. Participarán máis de 600 escolares de cero a once anos de idade, pertencentes aos concellos de Allariz, Sandiás, Baños de Molgas, Taboadela, Paderne de Allariz, San Cibrao das Viñas e A Merca.

A evolución das actividades poderase seguir diariamente a través da web [www.palabrasnoar.org](http://www.palabrasnoar.org). Como principal novidade, destacan os programas radiofónicos que se emitirán a través da rede de Emisoras Municipais de Galicia (Radiofusión), nos que os protagonistas destes espazos son os alumnos e alumnas exercitando o uso da lingua galega. As emisións correspondentes a esta etapa da campaña realizaranse na semana do luns 12 ao venres 16 de outubro na frecuencia de Radio Allariz, no 107.2 da Frecuencia Modulada, e tamén se poderán escoitar a través da páxina en Internet de PALABRAS NO AR. Ademais, e como recordo da súa participación, os escolares recibirán de agasallo un CD cos programas de radio emitidos.

PALABRAS NO AR é a continuación de "Cantar e contar: ler na nosa lingua", a campaña coa que KALANDRAKA apostaba pola recuperación do folclore infantil galego. Esta segunda parte segue aprofundando na riqueza da nosa tradición oral, mais representa un avance ao estimular aos nenos e as nenas para que se expresen en galego, tanto de xeito oral como por escrito, á vez que se asocia o idioma coas novas tecnoloxías da información e da comunicación.

As sesións de contacontos -que se acompañan coa interpretación de música tradicional a base de instrumentos como a frauta, a pandeireta ou o clarinete- están dirixidas a escolares de cero a tres anos, das escolas de Educación Infantil, e de tres a sete anos, pertencentes a 1º ciclo de Primaria. Para os nenos e nenas de oito e nove anos das aulas de 2º ciclo de Primaria, deseñáronse obradoiros de oralidade, nos que se practican estratexias lúdicas a partir da lectura e da literatura, para fomentar o uso do galego como medio de expresión. Os rapaces e rapazas de dez e once anos que estudan 3º ciclo de Primaria participan en talleres de escrita creativa nos que, tamén a partir dos contos, se lles fan propostas de redacción en galego que, ademais, favorecen o desenvolvemento da súa imaxinación.

Os centros que participan na campaña PALABRAS NO AR van recibir un lote de libros do catálogo de KALANDRAKA e FAKTORÍA K composto polos seguintes títulos: *Paco*, *Orelas de bolboreta*, *Pequechos das montañas*, *Un dous tres, que ves?*, *O poliño da abeleira*, *Avós*, *A banda de Vilacendoi*, *Sopa de soño*, *Batalla de Naijes* e *Galego á beira do mar*.

PALABRAS NO AR comezou o pasado mes de xuño en Fene e seguiu en Monforte e Santiago de Compostela. Ata final de ano as actividades continuarán en Ames, A Estrada, Redondela, Culleredo e Cambados. En conxunto, a campaña vai chegar a uns 7.000 escolares de Educación Infantil e Primaria dos nove concellos.

INFORMACIÓN SOBRE OS LUGARES DE CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES EN:

<http://palabrasnoar.wordpress.com/2009/09/20/palabras-no-ar-de-allariz/>

Tlf. 667 401 563 | [comunicacion@kalandraka.com](mailto:comunicacion@kalandraka.com) | [www.kalandraka.com/blog](http://www.kalandraka.com/blog) | [www.palabrasnoar.org](http://www.palabrasnoar.org)